



A Rede de Formación do Profesorado oferta cursos en rede (Platega) para formar o profesorado galego, tal e como establece o Plan anual de formación, tomando como referencia o [marco de competencias profesionais docentes](#). Os cursos de nova creación deseñaranse e crearanse de acordo con ese marco competencial; os creados con anterioridade deben remodelarse para adaptarse ao modelo competencial de cursos Platega. Vexamos ambos casos:

1. Cursos de nova creación

As **temáticas preferentes** para desenvolver cursos novos poden consultarse no Anexo I do Plan anual de formación do profesorado ou no sitio web do [CAFI > Formación > Formación en centros > Plans de formación permanente do profesorado](#)... As liñas de traballo estarán asociadas ao desenvolvemento das seguintes competencias e subcompetencias:

Liñas de traballo	Competencias	Subcompetencias
<ul style="list-style-type: none"> a) Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial 	<p>Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Especialista na súa materia.</p>	<p>1. Programación, seguimento e avaliación.</p> <p>2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC.</p> <p>2.1. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.</p>
<ul style="list-style-type: none"> b) Planificación estratéxica das linguas no centro. Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) e Tratamento Integrado das Linguas (TIL). 	<p>Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras.</p> <p>Membro dunha organización.</p>	<p>23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais.</p> <p>9. Cooperación, colaboración e construción conxunta do coñecemento.</p>
<ul style="list-style-type: none"> c) Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. 	<p>Competente en TIC.</p> <p>Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>	<p>24. Software.</p> <p>25 Dispositivos.</p> <p>26. Ferramentas institucionais.</p> <p>2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC.</p>
<ul style="list-style-type: none"> d) Escola inclusiva e atención á diversidade. 	<p>Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Investigador/a e innovador/a</p>	<p>3. Acción tutorial e atención á diversidade.</p> <p>16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.</p>
<ul style="list-style-type: none"> e) Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias. 	<p>Interlocutor/a e referente na comunidade educativa.</p>	<p>14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético.</p> <p>15. Mediación, resolución de conflitos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> f) Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros. 	<p>Especialista na súa materia.</p> <p>Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>	<p>21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.</p> <p>2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC.</p>



<ul style="list-style-type: none"> g) Mellora da xestión dos centros. 	Membro dunha organización.	<p>8. Xestión administrativa de centro e calidade.</p> <p>9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns.</p>
<ul style="list-style-type: none"> h) Internacionalización dos centros educativos. 	Membro dunha organización. Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras.	<p>10. Cooperación e colaboración, construción conxunta do coñecemento.</p> <p>23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> i) Biblioteca escolar. 	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe. Investigador/a e innovador/a.	<p>2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC.</p> <p>4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.</p> <p>17. Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional.</p>
<ul style="list-style-type: none"> j) Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas). 	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe. Especialista na súa materia. Investigador/a e innovador/a.	<p>2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC.</p> <p>21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.</p> <p>19. Realización e execución de propostas.</p>

2. Remodelación de cursos Platega que non se axustan ao modelo competencial

Os cursos Platega creados con anterioridade á adopción do modelo competencial deben axustarse a el para poder seguir ofertándose en Platega. A remodelación destes cursos poden realizala as persoas creadoras dos mesmos ou ben outras distintas que o soliciten, asesoradas polo Departamento de educación dixital do CAFI. Ao amparo da convocatoria de licenzas por formación do curso 2019-20 pódese solicitar unha licenza por formación de modalidade 5 para remodelar cursos existentes; terá unha duración máxima de dous meses para unha persoa ou ata catro meses en total se son máis dunha persoa e ateranse ao establecido na convocatoria (presentar un proxecto de remodelación e unha demo).

Listaxe dalgúns cursos para remodelar:

- Acoso escolar: prevención, detección e tratamento
- Aplicacións móbiles. Uso didáctico
- O portafolios educativo como instrumento de aprendizaxe e avaliación
- Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP)
- Secuencias didácticas dixitais
- A competencia lingüística en proxectos de comunicación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

En calquera dos casos, sexan de nova creación ou remodelados, os cursos Platega deben axustarse ao modelo de cursos competenciais.